



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expediente: 2021/G010/000017

Valdoviño, 2 de decembro de 2021.

Hora: 20:05

Lugar: Edificio Casa da Cultura

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria , para a que se reúnen baixo a Presidencia da 1ª Teniente-Alcalde Rosa Ana García López, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Jessica Sabín Fernández

Ana Belén Pérez Fernández

Mº Pilar Caamaño Vilela

PP:

Kristel Testa Ameneiros (PP)

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas: O alcalde Alberto González Fernández, Germán Gómez Senra e Alejandro Antonio García Sousa do PsdeG-PSOE, Javier Bouzamayor Casas do PP e Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria Carlota González Navarro. A celebración da sesión ten lugar no edificio da Casa Cultura por razóns de Covid-19 i en especial para salvagardar as medidas de seguridade en canto a distancia.

Abre a sesión a Presidenta, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN DE 04.11.21 (ORDINARIA), 18.11.21 (EXTRAORDINARIA) E 25.11.21 (EXTRAORDINARIA E URXENTE).

Por votación ordinaria e unanimidade dos presentes, os borradores das actas mencionadas quedan aprobadas.

II) PARTE DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO 2021

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de outubro de 2021, que comprenden do número 605 ao 699 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP.- DONA. KRISTEL TESTA AMENEIROS

*.- Vaise bachear a Avenida de Ferrol?. Está bastante mal.

Responde o concelleiro de servizos Benito Manuel Vega Fernández: Creo que sí.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL PP – DONA KRISTEL TESTA AMENEIROS

*.- No parque da praia hai pouca iluminación.

Responde o concelleiro de servizos Benito Manuel Vega Fernández: Miráremolo.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as vinte horas e vinte minutos, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLA SECRETARIA MUNICIPAL E POLO SR. ALCALDE./